

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto e cualificación

O obxecto do contrato é a realización do servizo de axuda no fogar do Concello de Láncara, cuxa codificación é CPV 85320000-8, servizos sociais, naquelas horas necesarias para a prestación dos servizos que teñan as seguintes notas características:

- Horas en domingos e festivos
- Horas a prestar os días de permiso das auxiliares persoal laboral do Concello
- Horas a cubrir nos días de permiso por vacacións anuais retibuídas das auxiliares de axuda no fogar persoal laboral do Concello

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de servizos, tal e como establece o artigo 10 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar será o procedemento negociado sen publicidade, no que a adxudicación recaerá no licitador xustificadamente elixido polo órgano de contratación, tras efectuar consultas con diversos candidatos e negociar as condicións do contrato con un ou varios deles, de acordo co artigo 169.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Non será necesario dar publicidade ao procedemento para asegurar a concorrencia; é dicir, será necesario solicitarlles ofertas, polo menos, a tres empresarios capacitados para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

CLÁUSULA TERCEIRA. O perfil do contratante

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público á información relativa á súa actividade contractual, e sen prexuízo da utilización doutros medios de publicidade, este concello conta co perfil do contratante, ao que se terá acceso segundo as especificacións que se regulan na seguinte páxina web: www.concellodelancara.com.

CLÁUSULA CUARTA. Importe do contrato

Concello de Láncara

O presuposto de licitación calcúlase sobre o prezo/hora de prestación do servizo distinguindo dous tipos de servizos (ordinario e extraordinario), a razón de:

- Prezo/hora servizo ordinario dependencia: 12,00 €. IVE (4%) 0,48 euros. Total: **12,48 euros IVE incluído**
- Prezo/hora servizo ordinario básica: 12,00 €. IVE (10%) 1,20 euros. Total: **13,20 euros IVE incluído**
- Prezo/hora servizo extraordinario: 15,00 €. IVE (4%) 0,60 euros. Total: **15,60 euros IVE incluído**

O número anual de horas previsto deducidos dos datos do ano 2015 e as previsións para 2016 é:

Número horas anual dependencia	Custo Hora sen IVE	Custo Total sen IVE	Custo Total con IVE
1.149 h. servizo ordinario	12,00 €	13.788,00 €	14.339,52€
410 h. serv extraordinario	15,00 €	6.150,00 €	6.396,00 €
TOTAL CUSTO ANUAL		19.938,00 €	20.735,52 €

Número horas anual prestación básica	Custo Hora sen IVE	Custo Total sen IVE	Custo Total con IVE
107 h. servizo ordinario	12,00 €	1.284,00 €	1.412,40 €
TOTAL CUSTO ANUAL		1.284,00 €	1.412,40 €

O valor estimado do contrato ascende á contía de 84.888,00 euros (IVE excluído), tendo en conta as súas posibles prórrogas e modificacións.

O importe aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 231.227 do vixente orzamento municipal; xa que existe crédito abondo ata o importe aprobado polo Concello e queda acreditada a plena dispoñibilidade das achegas que permiten financiar o contrato.

Terá a consideración de servizo ordinario o prestado de luns a sábado en horario de 8.00 a 22.00 horas, laborables.

Terá a consideración de servizo extraordinario o prestado de 22.00 a 8.00 horas de luns a sábado, e os domingos e os festivos as 24 horas.

Concello de Láncara

(Segundo o calendario laboral aprobado anualmente pola Xunta de Galicia para o Concello de Láncara).

Neste prezo considéranse incluídas todas as contraprestacións económicas dos custos do servizo, tales como os de organización técnica e empresarial, do persoal asignado á súa prestación e a súa formación, así como as súas substitucións e baixas temporais, gastos xerais, financeiros e impostos, o beneficio industrial e os gastos de traslado e descanso do persoal auxiliar.

O número de horas sinaladas son unha estimación polo que no caso de que sexa necesario un aumento ou diminución no número de horas de prestación do servizo, o Concello poderá acordar coa entidade prestadora o incremento ou diminución no número de horas de atención de ata un máximo do 20% ou convocar outra licitación, sen prexuízo de que ata a entrada en vigor do novo contrato a entidade prestadora deba asumir esta modificación, que en todo caso estará supeditado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria. No caso de superar ou diminuír as necesidades horarias o dito 20%, tramitarase á maior brevidade un novo procedemento de licitación.

CLÁUSULA QUINTA. Duración do contrato

A duración do contrato de servizo será de dous (2) anos, o Concello poderá prorrogalo por un prazo de outros dous.

CLÁUSULA SEXTA. Acreditación da aptitude para contratar

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non estean incursas en prohibicións para contratar e que acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

1. A **capacidade de obrar** dos empresarios acreditarase:

a) Dos empresarios que sexan **persoas xurídicas**, mediante a escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, en que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, se é o caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de persoa xurídica de que se trate.

b) Dos empresarios **non españois que sexan nacionais de Estados membros da Unión Europea**, pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos, ou mediante a presentación dunha declaración xurada ou un certificado, nos termos que se establezan

regulamentariamente, de acordo coas disposicións comunitarias de aplicación.

c. **Dos demais empresarios estranxeiros**, co informe da misión diplomática permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.

2. A proba, por parte dos empresarios, de **non estaren incursos** nalgunha das **prohibicións para contratar** do artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, poderá realizarse:

a) Mediante un testemuño xudicial ou unha certificación administrativa, segundo os casos. Cando o dito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá ser substituído por unha declaración responsable outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

b) Cando se trate de **empresas de Estados membros da Unión Europea** e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade xudicial.

3. A **solvencia do empresario**:

3.1 A **solvencia económica e financeira** do empresario deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) *Volume anual de negocios, ou ben volume anual de negocios no ámbito ao que se refira o contrato, por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.*

b) *Nos casos en que resulte apropiado, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.*

c) *Patrimonio neto, ou ben cociente entre activos e pasivos, ao peche do último exercicio económico para o que estea vencida a obrigaición de aprobación de contas anuais por importe igual ou superior ao esixido no anuncio de licitación ou na invitación a participar no*

Concello de Láncara

procedemento e nos pregos do contrato ou, na súa falta, ao establecido regulamentariamente.

3.2. Nos contratos de servizos, a **solvencia técnica ou profesional** dos empresarios deberá apreciarse tendo en conta os seus coñecementos técnicos, eficacia, experiencia e fiabilidade, o que deberá acreditarse, por un ou varios dos medios seguintes

a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos cinco anos que inclúa o seu importe, datas e o destinatario, público ou privado. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.

b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.

c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.

d) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.

e) Declaración sobre o cadro de persoal medio anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.

f) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.

g) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

Ademais da documentación sinalada, os licitadores deberán presentar obrigatoriamente certificación de estar rexistrados como entidades prestadoras de servizos sociais na Xunta de Galicia e contar con todas as autorizacións e habilitacións esixidas na Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia e demais normativa de desenvolvemento.

CLÁUSULA SÉTIMA. Clasificación do contratista

Concello de Láncara

Para os contratos de servizos non será esixible clasificación do empresario.

CLÁUSULA OITAVA. Presentación de ofertas e documentación administrativa

As ofertas presentaranse no Concello, na r/ Rosalía de Castro, 17, baixo, A Pobra de San Xiao, en horario de atención ao público, no prazo de quince días a contar do seguinte ó da recepción da invitación a participar.

As ofertas poderán presentarse por correo, por telefax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos, en calquera dos lugares establecidos no artigo en 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se envíen as proposicións por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de correos e anunciarlle ao órgano de contratación a remisión da oferta o mesmo día mediante un télex, fax ou telegrama que consigne o número de expediente, o título completo do obxecto do contrato e o nome do candidato.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama realizarase mediante unha dilixencia redactada o mesmo día polo secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se o órgano de contratación a recibe despois da data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os dez días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Os medios electrónicos, informáticos e telemáticos utilizables deberán cumprir, ademais, os requisitos establecidos na disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Cada candidato non poderá presentar máis dunha oferta, sen prexuízo do establecido nos artigos 147 e 148 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro. Tampouco poderá subscribir ningunha oferta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurase en máis dunha unión temporal. A

infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas subscritas por el.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas deste prego.

As proposicións para participar na licitación presentaranse en dous sobres pechados, asinados polos candidatos e con indicación do domicilio para os efectos de notificacións, nos que se fará constar a denominación do sobre e a lenda «Oferta para negociar a contratación do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LÁNCARA». A denominación dos sobres é a seguinte:

- **Sobre «A»: Documentación administrativa.**
- **Sobre «B»: Oferta económica e documentación.**

Os documentos que se deben incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme a lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada deles:

**SOBRE «A»
DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

**A.- ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN MEDIANTE
DECLARACIÓN RESPONSABLE**

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D. _____, con domicilio a efectos de notificacións en _____, r/ _____, n.º __, con NIF n.º _____, en representación da Entidade _____, con NIF n.º _____, a efectos da súa participación na licitación, ante _____..

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

PRIMEIRO. Que se dispón a participar a contratación do servizo de

Concello de Láncara

SEGUNDO. Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos polo apartado primeiro do artigo 146 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para ser adxudicatario do contrato de servizos consistente en SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LANCARA, en concreto:

- Que posúe personalidade xurídica e, se é o caso, representación.
- Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou, se é o caso, que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- Que non está incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e encóntrase ao corrente do cumprimento das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- Que se somete á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador. (No caso de empresas estranxeiras)
- Que o enderezo de correo electrónico en que efectuar notificacións é _____.

TERCEIRO. Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo desta declaración, no caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para iso.

E para que conste, asino a presente declaración.

En _____, a ___ de _____ de 20__.

Sinatura do declarante,

Asdo.: _____»

SUPOSTO B) ACHEGA INICIAL DE DOCUMENTACIÓN CONFORME AO ARTIGO 146.1 DO TRLCSP

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

b) Documentos que acrediten a representación.

Concello de Lán cara

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro presentarán unha copia notarial do poder de representación, cuxa suficiencia será verificada polo secretario da corporación.

— Se o candidato é unha persoa xurídica, este poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Do mesmo xeito, a persoa co poder verificado para os efectos de representación deberá achegar unha fotocopia compulsada administrativamente ou un testemuño notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Unha declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 60 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentada, antes da adxudicación, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta.

d) Os documentos que acrediten a clasificación da empresa, de ser o caso, ou xustifiquen os requisitos da súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

Se a empresa se encontra pendente de clasificación, deberase achegar o documento acreditativo de ter presentado a correspondente solicitude para isto, e deberase xustificar estar en posesión da clasificación esixida no prazo previsto nas normas de desenvolvemento da normativa en materia de contratos para a emenda de defectos ou omisións na documentación.

e) De ser o caso, un enderezo de correo electrónico en que realizar as notificacións.

f) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que, de modo directo ou indirecto, puideren xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que lle puider corresponder ao licitador.

**SOBRE «B»
OFERTA ECONÓMICA E DOCUMENTACIÓN**

Concello de Láncara

a) Oferta económica.

Presentarase de acordo co seguinte modelo:

«_____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, _____, núm. __, con NIF _____, en representación da entidade _____, con NIF _____, xa que recibín unha invitación para a presentación de ofertas e estou informado das condicións e requisitos que se esixen para a adxudicación, por procedemento negociado, do contrato do servizo de AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE LÁNCARA, fago constar que coñezo o prego que serve de base para o contrato e que o acepto integramente, que participo na licitación e que me comprometo a levar a cabo o obxecto do contrato polo importe de

- _____ euros hora ordinaria dependencia e _____ euros correspondentes ao IVE.
- _____ euros hora extraordinaria dependencia e _____ euros correspondentes ao IVE.
- _____ euros hora ordinaria prestación básica e _____ euros correspondentes ao IVE.

_____, __ de _____ de 20__

Sinatura do candidato

Asdo.: _____».

b) Documentos que permitan ó órgano de contratación valorar as condicións das ofertas segundo os aspectos de negociación.

CLÁUSULA NOVENA. Garantía provisional
Non se esixe.

CLÁUSULA DÉCIMA. Aspectos obxecto de negociación coa empresa
Para a valoración das ofertas e a determinación da que sexa economicamente máis vantaxosa atenderase a varios aspectos de negociación.

- *Prezo hora ordinaria*
- *Prezo hora extraordinaria*
- Bolsa extraordinaria de horas anuais: horas

Ponderación:

Concello de Láncara

a) Prezo ofertado á baixa.- Ata 80 puntos

- Hora ordinaria ata un máximo de 50 puntos.
- Hora extraordinaria/nocturna ata un máximo de 30 puntos.

A proposición que oferte o prezo máis baixo obterá a máxima puntuación e as proposición que presenten o prezo tipo de licitación obterán 0 puntos. As restantes proposicións valoraranse de xeito proporcional.

b) Bolsa extraordinaria de horas anuais para situacións non previstas no prego (situacións incapacidades temporais, permisos maternidade). Ata 20 puntos

Estas horas gratuítas serán para a realización de tarefas de atención básicas que se indican no prego de especificacións técnicas.

Obterá a máxima puntuación neste subapartado (20 pts) a proposición que conteña unha maior oferta de horas extraordinarias anuais sen custo para o Concello. Obterán 0 puntos as proposicións que non oferten bolsa de horas extraordinarias e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

Dado que para a valoración da oferta economicamente máis vantaxosa se establecen criterios exclusivamente matemáticos, non se valorarán outros servizos ou melloras distintos dos enumerados anteriormente e dentro destes valorarase do modo indicado en cada apartado sen ter en conta outras circunstancias. Non obstante e para o caso de ofertar outros servizos dos indicados será obrigatorio para o contratista a súa realización a pesar de que non se valoren a efectos de puntuación.

As melloras ofertadas deberán ir referidas a un período dun ano e deberán executarse anualmente durante a duración do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Regras Especiais respecto do Persoal Laboral da Empresa Contratista

1. Corresponde exclusivamente á empresa contratista a selección do persoal que, reunindo os requisitos de titulación e experiencia esixidos nestes pregos, formará parte do equipo de traballo adscrito á execución do contrato, sen prexuízo da verificación por parte da entidade contratante do cumprimento daqueles requisitos.

A empresa contratista procurará que exista estabilidade no equipo de traballo, e que as variacións na súa composición sexan puntuais e

Concello de Láncara

obedezan a razóns xustificadas, en orde a non alterar o bo funcionamento do servizo, informando en todo momento á entidade contratante.

2. A empresa contratista asume a obriga de exercer de modo real, efectivo e continuo, sobre o persoal integrante do equipo de traballo encargado da execución do contrato, o poder de dirección inherente a todo empresario. En particular, asumirá a negociación e pago dos salarios, a concesión de permisos, licenzas e vacacións, as substitucións dos traballadores en casos de baixa ou ausencia, as obrigacións legais en materia de Seguridade Social, incluído o abono de cotizacións e o pago de prestacións, cando cumpra, as obrigacións legais en materia de prevención de riscos laborais, o exercicio da potestade disciplinaria, así como cantos dereitos e obrigacións se deriven da relación contractual entre empregado e empregador.

3. A empresa contratista velará especialmente porque os traballadores adscritos á execución do contrato desenvolvan a súa actividade sen extralimitarse nas funcións desempeñadas respecto da actividade delimitada nestes pregos como obxecto do contrato.

4. A empresa contratista estará obrigada a executar o contrato de acordo coas intrucións dadas polos servizos sociais do Concello de Láncara.

5. A empresa contratista deberá designar polo menos a un coordinador técnico ou responsable integrado no seu propio cadro de persoal, que terá entre as súas obrigacións as seguintes:

a). Recibir e Transmitir calquera comunicación que o persoal da empresa contratista deba realizar á Administración en relación coa execución do contrato.

b). Distribuír o traballo entre o persoal encargado da execución do contrato, e impartir aos devanditos traballadores as ordes e instrucións de traballo que sexan necesarias en relación coa prestación do servizo contratado.

c). Supervisar o correcto desempeño por parte do persoal integrante do equipo de traballo das funcións que teñen encomendadas, así como controlar a asistencia do devandito persoal ao posto de traballo.

d). Organizar o réxime de vacacións do persoal adscrito á execución do contrato, debendo para ese efecto coordinarse adecuadamente á

empresa contratista coa esta entidade contratante, a efectos de non alterar o bo funcionamento do servizo.

e). Informar á entidade contratante acerca das variacións, ocasionais ou permanentes, na composición do equipo de traballo adscrito á execución do contrato.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Mesa de contratación
Non se constitúe Mesa de contratación.

CLÁUSULA DÉCIMO TERCEIRA. Prerrogativas da Administración
O órgano de contratación, de acordo co artigo 210 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ten as seguintes prerrogativas:

- a) Interpretación do contrato.
- b) Resolución das dúbidas que ofrezca o seu cumprimento.
- c) Modificación do contrato por razóns de interese público.
- d) Acordar a resolución do contrato e determinar os efectos desta.

CLÁUSULA DÉCIMO CUARTA. Apertura de ofertas
A apertura das ofertas deberá realizarse no prazo máximo dun mes contado desde a data de finalización do prazo para presentalas.

Para a cualificación dos documentos e o exame e a valoración das ofertas, de conformidade co que se establece no artigo 320.1 do texto refundido non é necesaria a constitución da Mesa de contratación.

Concluído o prazo de presentación de ofertas, o señor alcalde asistido da secretaría examinará a documentación administrativa, "Sobre A".

Se se observasen defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicárase aos interesados a través do enderezo electrónico sinalado polos licitadores ou vía fax ao enderezo para os efectos de notificación sinalado polos licitadores, concedéndose un prazo non superior a tres días hábiles para que os licitadores a corrixan ou emenden.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá estenderse.

Unha vez emendados, se é o caso, os defectos ou omisións da documentación presentada declararanse os licitadores admitidos á

licitación facendo declaración expresa dos rexeitados e das causas do seu rexeitamento.

Procederáse despois á apertura e exame do sobre «B»; nese momento poderanse solicitar os informes técnicos que se consideren precisos.

Realizadas estas actuacións, abrírase, a fase de negociación coas empresas e concluída esta procederáse á adxudicación polo órgano de contratación, valorando as ofertas resultantes da negociación.

CLÁUSULA DÉCIMO QUINTA. Requirimento da documentación.
Recibidos os informes, o órgano de contratación, propoñerá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa.

O órgano de contratación requirirá o licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que tivese recibido o requirimento, presente a documentación xustificativa de [o cumprimento dos requisitos previos a que fai referencia o artigo 146.1 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (se a achega inicial da devandita documentación se substitúe por unha declaración responsable do licitador), así como de] acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa a acreditación diso; de dispoñer efectivamente dos medios que se tivese comprometido a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro; e de ter constituído a garantía definitiva que sexa procedente.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o da finalización do prazo de presentación das proposicións.

CLÁUSULA DÉCIMO SEXTA Garantía definitiva
Os que resulten adxudicatarios dos contratos deberán constituír unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o imposto sobre o valor engadido.

Esta garantía poderá prestarse nalgunha das seguintes formas:
a) En efectivo ou en valores de débeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas nas normas de desenvolvemento desta lei. O efectivo e os certificados de

Concello de Láncara

inmobilización dos valores anotados depositaranse na Caixa Xeral de Depósitos ou nas súas sucursais encadradas nas delegacións de Economía e Facenda, ou nas caixas ou establecementos públicos equivalentes das comunidades autónomas ou entidades locais contratantes ante as cales deban producir efectos, na forma e coas condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan.

b) Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento desta lei, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que se deberá depositar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

c) Mediante contrato de seguro de caución, subscrito na forma e condicións que as normas de desenvolvemento desta lei establezan, cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado do seguro deberase entregar nos establecementos sinalados na alínea a) anterior.

A garantía non será devolta ou cancelada ata que se produza o vencemento do prazo de garantía e se cumpra satisfactoriamente o contrato.

Esta garantía responderá aos conceptos incluídos no artigo 100 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e transcorrido 6 meses dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen tido lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen máis demora, á súa devolución ou cancelación unha vez depuradas as responsabilidades a que se refire o citado artigo 100.

CLÁUSULA DÉCIMO SÉTIMA. Adxudicación do contrato

Unha vez recibida a documentación solicitada, o órgano de contratación deberá adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

En ningún caso poderá ser declarada deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que recolle este prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, notificaráselles aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante.

Concello de Láncara

A notificación deberá conter, en todo caso, a información necesaria que lle permita ao licitador excluído ou candidato descartado interpor un recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación. En particular, expresará os seguintes aspectos:

En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimou a súa candidatura.

Respecto dos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, tamén de forma resumida, as razóns polas cales non se admitiu a súa oferta.

En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que fose seleccionada a oferta deste con preferencia ás que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación e no perfil do contratante indicárase o prazo en que debe procederse á formalización.

CLÁUSULA DÉCIMO OITAVA. Formalización do contrato

A formalización do contrato en documento administrativo farase dentro dos quince días hábiles seguintes á data da notificación da adxudicación; o dito documento constituirá título suficiente para acceder a calquera rexistro público.

O contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública e os correspondentes gastos correrán pola súa conta.

CLÁUSULA DÉCIMO NOVENA. Dereitos e obrigas do adxudicatario

O contrato executarase con suxeición ao establecido nas súas cláusulas e nos pregos, e de acordo coas instrucións que o órgano de contratación lle dea ao contratista para a súa interpretación.

O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións e servizos realizados, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

Ademais, son obrigas específicas do contratista as seguintes:

— O contratista está obrigado a dedicar ou adscribir á execución do contrato os medios persoais ou materiais suficientes para iso (artigo 64.2 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro).

Concello de Láncara

— Gastos esixibles ao contratista. Son pola conta do contratista os gastos e impostos do anuncio ou anuncios de licitación e adxudicación, ata o límite máximo de 100 euros, da formalización do contrato, así como calquera outros que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, na forma e contía que estas sinalen.

— O contratista está obrigado ao cumprimento dos requisitos previstos no artigo 227 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, para os supostos de subcontratación.

CLÁUSULA VIXÉSIMA. Prazo de garantía

O obxecto do contrato quedará suxeito a un prazo de garantía de 1 ano, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo. Durante este prazo a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ás prescricións establecidas para a súa execución e cumprimento e ao estipulado neste prego e no de prescricións técnicas. Unha vez transcorrido o prazo de garantía sen que se formulasen reparos aos traballos executados, quedará extinguida a responsabilidade do contratista.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamar do contratista a súa emenda.

CLÁUSULA VIXÉSIMO PRIMEIRA. Execución do contrato

O contrato executarase con suxeición ao establecido neste prego de condicións e no prego de prescricións técnicas, e de acordo coas instrucións que lle dea ao contratista para a súa interpretación o órgano de contratación.

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Concello de Láncara, axustándose estritamente ó presente prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o previsto na LCSP.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Concello de Láncara.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo:

Concello de Láncara

A entidade adxudicataria deberá presentar, antes da sinatura do contrato, ademáis dos seguros obrigatorios:

- Copia da póliza e do recibo de seguros de accidentes con cobertura durante as actividades do servizo de axuda a domicilio máis o risco in-itinere (traslados).
- Copia da póliza e do recibo de responsabilidade civil por un valor mínimo de 300.000 euros que cubra os eventuais danos derivados do exercicio da súa actividade.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEGUNDA. Modificación do contrato

Deberase ter en conta que, de conformidade co artigo 105 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, sen prexuízo dos supostos previstos na dita normativa para os casos de sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e prórroga do prazo de execución, os contratos do sector público **só se poderán modificar** cando así se previse nos **pregos de condicións ou no anuncio de licitación** ou nos casos e cos límites establecidos no artigo 107 do mesmo texto legal.

Nos demais supostos, se for necesario que a prestación se executase de forma distinta á pactada, inicialmente deberase proceder á resolución do contrato en vigor e á subscripción doutro baixo as condicións pertinentes.

Así, a normativa de contratación permite modificar os contratos do sector público:

Sempre que **nos pregos ou no anuncio de licitación se advertise expresamente** desta posibilidade e se detallasen de forma clara, precisa e inequívoca as condicións en que se poderá facer uso dela, así como o alcance e os límites das modificacións que se poden acordar con expresa indicación da porcentaxe do prezo do contrato a que, como máximo, poidan afectar, e o procedemento que se debe seguir para isto.

As modificacións **non previstas nos pregos ou no anuncio de licitación** só se poderán efectuar cando se xustifique

suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

- Inadecuación da prestación contratada para satisfacer as necesidades que se pretenden cubrir mediante o contrato debido a erros ou omisións padecidos na redacción do proxecto ou das especificacións técnicas.
- Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, ambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida de acordo cunha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.
- Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.
- Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, de acordo co estado da técnica, se producise con posterioridade á adxudicación do contrato.
- Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, ambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

CLÁUSULA VIXÉSIMO TERCEIRA. Facturas

Conforme á disposición adicional trixésimo terceira do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, o contratista terá obrigaón de presentar a factura que expedise polos servizos prestados ante o correspondente rexistro administrativo a efectos da súa remisión ao órgano administrativo ou unidade a quen corresponda a tramitación da mesma.

Na factura incluíranse, ademais dos datos e requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, de 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigaóns de facturación, os seguintes extremos previstos no apartado segundo da citada disposición adicional trixésimo terceira, así como na normativa sobre facturación electrónica:

- a) Que o órgano de contratación é Concello de Lán cara.
- b) Que o órgano administrativo con competencias en materia de contabilidade pública é Secretaría-Intervención.

Concello de Lán cara

- c) Que o destinatario é Concello de Láncara.
- d) Que o código DIR3 é AY.
- e) Que a oficina contable é L01270266.
- f) Que o órgano xestor é L01270266.
- g) Que a unidade tramitadora é L01270266.

CLÁUSULA VIXÉSIMO CUARTA. Penalidades por incumprimento

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incorra en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5% do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á súa resolución ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

— Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades establecidas anteriormente.

— Cando o contratista incumpra a adscrición á execución do contrato de medios persoais ou materiais suficientes para iso, imporanse penalidades na proporción de 1% ó importe do contrato.

As penalidades imporanse por acordo do órgano de contratación, adoptado por proposta do responsable do contrato, se houber un designado, que será inmediatamente executivo, e faranse efectivas mediante a dedución das cantidades que, en concepto de pagamento total ou parcial, se lle deban aboar ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, se constituíse, cando non poidan ser deducidas das mencionadas certificacións.

CLÁUSULA VIXÉSIMO QUINTA. Resolución do contrato

A resolución do contrato producirase nos supostos que se sinalan neste prego e nos fixados nos artigos 223 e 308 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e será acordada polo órgano de contratación, de oficio ou por instancia do contratista.

Cando o contrato sexa resolto por culpa do contratista, incautaranse da garantía definitiva, sen prexuízo da indemnización polos danos e perdas orixinados á Administración no que excedan do importe da garantía.

Concello de Láncara

CLÁUSULA VIXÉSIMO SEXTA. Réxime xurídico do contrato

Este contrato ten carácter administrativo e a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción rexeranse polo establecido neste prego; para o non previsto nel, serán de aplicación o texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro; o Real decreto 817/2009, do 8 de maio, e o Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, en todo o que non se opoña ao texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, e estea vixente tras a entrada en vigor do Real decreto 817/2009. De maneira supletoria, aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na falta delas, as normas de dereito privado.

A orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para resolver as controversias que xurdan entre as partes deste contrato, de conformidade co disposto no artigo 21.1 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 15 de xullo de 2016
O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO PÚBLICO DE AXUDA NO FOGAR NO CONCELLO DE LÁNCARA

O Servizo de Axuda a Domicilio defínese no artigo 20.1 d) da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizo Sociais, como un conxunto de atencións a persoas ou familias no seu propio domicilio, para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu contorno habitual, neste senso indicar que o servizo de axuda no fogar do que dispón o Concello de Láncara dende hai varios anos, integra un conxunto de accións destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas usuarias, facilitar o desenvolvemento integral do individuo, fomentar o desenvolvemento de hábitos saudables e evitar situacións de desamparo ante estados de necesidade, indefensión ou desvantaxe física, termos nos que se pronuncia o actual regulamento do Servizo Municipal da Axuda no Fogar redactada conforme o establecido na Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG do 2 de febreiro de 2009).

O presente prego redáctase ó abeiro do establecido no texto refundido da Lei Contratos do Sector Público, o número de horas sinaladas son unha estimación polo que no caso de que sexa necesario un aumento ou se produza unha diminución no número de horas de prestación do servizo o Concello poderá acordar o incremento/diminución coa entidade prestadora ou convocar outra licitación, sen prexuízo de que ata a entrada en vigor do novo contrato, a entidade prestadora deba asumir ese incremento, e en todo caso supeditado á existencia de dispoñibilidade orzamentaria.

CLÁUSULA PRIMEIRA.- CARACTERÍSTICAS E OBXECTIVOS DOS SERVIZO.

A empresa adxudicataria deberá prestar os servizo de axuda no fogar a toda persoa que cumpra as condicións de persoa usuaria do servizo de referencia.

O SAF ten por obxecto prestarlles un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización.

Dito servizo contribúe a:

Concello de Láncara

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.
- Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.

Poderán ser usuarios/as todas aquelas persoas residentes no concello de Láncara que se atopen nalgunha das situacións previstas na Ordenanza Municipal reguladora do servizo de axuda no fogar e para o caso de que este recurso sexa o máis adecuado a xuízo dos técnicos municipais competentes, en todo caso daráselle prioridade no acceso ó servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

CLÁUSULA SEGUNDA.- PRESTACIÓNS OBXECTO DO CONTRATO.

O **Servizo de Axuda no Fogar** concretarase nas seguintes atencións:

- De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.
- Apoio no coidado e hixiene persoal e así como para vestirse.
- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.
- Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritos por facultativos.
- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.
- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria tales como:

- Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.
- Apoio na realización de xestións necesarias ou urxentes.

Concello de Láncara

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.
- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.
- Preparación dos alimentos.
- Lavado, planchado e coidado das prendas de vestir.
- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo, intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ó desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

— Con carácter complementario, o SAF poderá incorporar, entre outros, os seguintes tipos de atención:

a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

b) Prestación de atención a distancia mediante dispositivos de teleseguimento, teleasistencia e similares.

c) Adaptacións funcionais do fogar.

— Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

— En todo caso ás atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Para a prestación do servizo de axuda no fogar establécense dous tipos de servizo en función dos días e horario de prestación:

Servizo ordinario previsto: consiste na realización do servizo dun xeito regular e ordinario, con continuidade no tempo e comunicado á empresa con suficiente antelación, en todo aquel que se preste de luns a sábado en horario de 8.00 a 22.00 horas, laborables.

A prestación requirirase polos servizos técnico municipais e farase en función da normativa que exista en cada momento ou en función do grao e nivel de dependencia e situación persoal do usuario.

Servizo extraordinario: consiste na prestación do servizo de 22.00 a 8.00 horas de luns a sábado, os domingos e os festivos a 24 horas.

A empresa adxudicataria prestará o servizo os usuarios/as no lugar, días e número de horas que ó efecto determinen os técnicos municipais.

As horas de servizo de axuda no fogar que se presten ó usuario serán horas de servizo reais non computándose nelas o tempo que auxiliar tarda en desprazarse dun domicilio a outro.

CLÁUSULA TERCEIRA.- RELACIONES ENTRE A ADMINISTRACIÓN E O/OS CONTRATISTA/S

O Concello terá, en todo caso, as seguintes potestades en relación á execución do servizo:

- Marcar as directrices de organización e xestión do servizo. O inicio, forma e características do Servizo será conforme o establecido no regulamento municipal.
- Ordenar as modificacións na realización do servizo que o interese público aconselle e que lle serán comunicadas con antelación suficiente á entidade adxudicataria, así como establece-los indicadores e requisitos de calidade que terá que cumprir a empresa adxudicataria.
- Fiscalizar a xestión do servizo, inspeccionando as tarefas que estean a desenvolver para comprobar se son acordes coas indicacións dadas, pedir tanta información sexa necesaria e dá-las ordes oportunas para manter e restablece-la debida calidade da realización do servizo.
- A xestión do cobro da cantidade que deberán aboar os usuarios do servizo nos termos establecidos na Ordenanza Fiscal.
- Dirixir as actividades e controla-lo correcto desenvolvemento das prestacións asignadas a cada usuario/a. O Concello será responsable do seguemento e avaliación do servizo, así os técnicos municipais, previa fundamentación, poderán esixir o cambio do persoal adscrito ó persoal usuario/a.

Serán obrigas xerais do contratista, ademais das contidas noutras cláusulas deste prego, as seguintes:

Concello de Láncara

- Cumprir as ordes do Concello dadas polo responsable dos Servizos Sociais respecto ás altas, baixas, extincións, aumento ou diminución do tempo do servizo a cada usuario así como das modificacións na atención dos servizo obxecto do presente contrato.
- Deberán cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo referidas ó propio persoal ó seu cargo, e respectar os convenios colectivos en vigor.
- Obter tódalas autorizacións que sexan necesarias en cada momento para realización dos servizo obxecto do contrato.
- A empresa adxudicataria deberá estar debidamente acreditada e autorizada de conformidade co disposto na Lei 39/2006, do 14 de decembro e co establecido no Decreto 143/2007, do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.
- A empresa adxudicataria non poderán subcontratar a execución do servizo de axuda no fogar.
- A empresa adxudicataria está obrigada a abrir un expediente por cada persoa usuaria ou por cada unidade de convivencia.
- A persoa que exerza como responsable técnico/a coordinador do servizo garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado.

Obrigas das empresas adxudicatarias en relación ós recursos persoais:

Deberá contar, en todo momento, cos medios materiais e persoais suficientes en número e cualificación para atender os servizos obxecto de contrato. As ratios e o perfil do persoal poderá modificarse en función dos cambios da normativa que resulte de aplicación.

A empresa adxudicataria asumirá todos os custos derivadas da relación de dependencia do seu persoal, así como todas as responsabilidades, tanto na execución do servizo, como en materia de persoal, que en ningún caso se considerará como persoal do Concello. Debe acreditarse o cumprimento da lexislación e do convenio colectivo laboral de aplicación ó servizo vixente en cada momento.

En ningún caso o Concello de Lánacara se subrogará nas relacións contractuais entre a empresa adxudicataria e os seus traballadores ó finalizar o contrato calquera que sexa a súa causa e se proceda ou non a unha nova adxudicación.

Concello de Lánacara

O persoal contratado deberá posuír a titulación e a formación necesarias para a correcta prestación do servizo, contando coa cualificación esixible dentro do marco laboral vixente e garantíndose un procedemento formativo que permita actualizar e adquirir os coñecementos e as habilidades necesarias para a adecuada prestación durante toda a vixencia do contrato.

O persoal que presta atención directa nos domicilios das persoas usuarias estará formado por auxiliares de axuda no fogar, que reuniran os requisitos esixidos nas disposicións legais vixentes.

A empresa será responsable da calidade técnica dos servizos que realice así como das consecuencias que se deduzan para o Concello ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas da execución do contrato. Serán de conta da empresa as indemnizacións que se poidan reclamar por danos ou perdas con ocasión da prestación do servizo por causa imputable a el ou persoal ó seu servizo.

O licitador non poderán encomendar a realización do servizo ó persoal que teña relación de parentesco co usuario, ata o 2º grao de afinidade e 3º de consanguinidade.

Obrigas da empresa adxudicataria no referente ós medios materiais
A empresa adxudicataria deberá contar cunha infraestrutura adecuada para o desenvolvemento do servizo.

CLÁUSULA CUARTA.- RELACIÓNS DA ENTIDADE ADXUDICATARIA DO SERVIZO E OS USUARIOS/AS

O adxudicatario e o persoal que realiza a atención deberán evitar todo conflito persoal cos usuarios e os seus familiares, informando dos posibles incidentes que xurdan, de forma inmediata, ó técnico municipal responsable. O Concello de Láncara, a través da alcaldía, abrirá o correspondente expediente informativo, se procedese.

O persoal da entidade adxudicataria deberá manter sempre e inescusablemente o segredo profesional en canto ó que suceda en cada domicilio.

Daquelas circunstancias que poidan vincularse a unha situación de violencia doméstica ou abandono de menores, anciáns ou persoas discapacitadas deberá dárselle coñecemento, obrigatoriamente e de inmediato, á responsable municipal do servizo.

Concello de Láncara

O/as traballadores da empresa non poderán aceptar calquera tipo de gratificación, doazón ou contraprestación económica por parte dos usuarios. A empresa será responsable do seu cumprimento, e deberán informar á responsable do contrato, de calquera situación desta natureza que se produza e non poderán formar parte de calquera forma xurídica (testamento, compravenda ...) na que participe o usuario do servizo.

En ningún caso o/a auxiliar de axuda a domicilio, ou calquera outro empregado ou profesional da entidade adxudicataria, poderá entrar no domicilio do usuario sen consentimento do seu titular. A entrega de chaves do domicilio por parte do usuario á empresa ou persoal ó seu cargo deberá ser comunicado previamente ó Concello e en todo caso a responsabilidade do uso que se faga vincula directamente á empresa e o usuarios en que se poida alcanzar en ningún caso dita responsabilidade ó Concello.

O/A auxiliar de axuda a domicilio, ou calquera outro persoal ou profesional da/s entidade/s adxudicataria/s, en ningún caso poderá proceder ó cobramento -nin con autorización expresa- dos haberes, de calquera natureza, do usuario.

A empresa adxudicataria comprométese a comunicar por escrito e inmediatamente calquera alteración ou modificación que se produza no domicilio respecto ás condicións iniciais nas que este se iniciou, así como calquera incidencia que poida producirse durante o realización do servizo. Informarán asimesmo de calquera anomalía de carácter hixiénico-sanitaria que se puidera detectar.

CLÁUSULA QUINTA.- ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS SERVIZO

Os Servizos Sociais municipais comunicarán á empresa adxudicataria os días e horas en que debe prestar o servizo coa máxima antelación que sexa posible. O contratista, comunicará por escrito (vía fax ou correo electrónico) o nome da auxiliar asignada ó usuario.

A competencia para a aprobación de suspensións temporais, reanudacións, ampliación de servizo e horarios, extincións e outras modificacións inherentes á prestación do servizo é competencia dos técnicos municipais.

CLÁUSULA SEXTA.- NOMEAMENTO DE COORDINADOR E PERSOAL QUE SE VAI EMPREGAR

Concello de Láncara

Para a correcta coordinación do servizo, a entidade adxudicataria asignará entre o personal técnico de coordinación un **coordinador ou encargado** que manterá permanente comunicación cos técnicos municipais.

En ningún caso o Concello de Láncara se subrogará nas relacións contractuais entre a empresa contratista e os seus traballadores ó finalizar o contrato calquera que sexa a súa causa e se proceda ou non a unha nova adxudicación.

O persoal que se empregue non terá ningún tipo de relación laboral, contractual ou de natureza ningunha co Concello de Láncara, e a empresa deberá ter debidamente informado ó seu persoal desta cuestión, facendo constar expresamente esta circunstancia nos contratos de persoal que subscriba.

O adxudicatario do servizo deberá cumprir tódalas disposicións vixentes en materia laboral, de seguridade social e hixiene no traballo referidas ó propio persoal ó seu cargo, e respectar os convenios colectivos en vigor.

CLÁUSULA SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS-RISCOS LABORAIS

A entidade adxudicataria e o persoal que empregue obríganse ó cumprimento estrito das normas vixentes en materia de protección e tratamento de datos de carácter persoal en relación cos que coñezan por razón da realización do servizo e, así mesmo, ó respecto do segredo profesional, e os outros principios do seu código deontolóxico.

O adxudicatario do servizo absterase de obter outros datos persoais dos usuarios distintos dos subministrados polos Servizos Sociais municipais.

O persoal da entidade deberá de cumprir as medidas de prevención de riscos laborais establecidas na lexislación vixente.

CLÁUSULA OITAVA.- RESPONSABILIDADE CIVIL

En caso de accidente ou de prexuízo de calquera xénero que lle ocorra ós traballadores con ocasión do exercicio das súas funcións, o adxudicatario cumprirá co disposto nas normas vixentes baixo a súa responsabilidade, sen que esta alcance de ningún modo ó Concello de Láncara.

Concello de Láncara

A entidade adxudicataria deberá presentar, antes da sinatura do contrato, ademáis dos seguros obrigatorios:

- Copia da póliza e do recibo de seguros de accidentes con cobertura durante as actividades do servizo de axuda a domicilio máis o risco in-itinere (traslados).
- Copia da póliza e do recibo de responsabilidade civil por un valor mínimo de 300.000 euros que cubra os eventuais danos derivados do exercicio da súa actividade.

CLÁUSULA NOVENA.- FORMA DE PAGAMENTO.

O pagamento dos servizo do contrato efectuarase, logo de que o contratista presente as correspondentes facturas, con carácter mensual, e nelas deberá constar:

- As horas facturadas diferenciaranse segundo sexan SAF por libre concorrencia e SAF dependencia.
- Relación nominal dos usuarios atendidos
- A cada factura a entidade adxudicataria deberá adxuntar un documento que acredite a presenza de persoal e dos horarios polos que se factura, diferenciando os tipos de horarios, ordinario ou extraordinario.

A Pobra de San Xiao (Láncara), 15 de xullo de 2016
O alcalde

Darío A. Piñeiro López

Documento asinado electronicamente á marxe